

El Progreso

Galiciae

Baixeras conta xa cun espazo na terra na que se iniciou na poesía

Etiquetas: Rodríguez Baixeras, homenaje, literatura, Ribadeo

El Progreso (Ribadeo). Un monolito e o seu nome a un parque xunto ó Forte de San Damián é o recordo físico da homenaxe que onte rendiu en Ribadeo a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) ó poeta Xavier Rodríguez Baixeras, aínda que o escritor gardará para si moitos outros recordos dunha velada que compartiu cos seus amigos, que non deixaron de acompañalo dun día tan significado.

Ser profeta na súa terra foi doado de conseguir para Baixeras, quen, a pesares de nacer lonxe, séntese ribadense polos catro costados. Na vila foi onde tivo as súas primeiras e máis intensas experiencias poéticas, pois foi en Ribadeo onde pasou os veráns da súa infancia e adolescencia e volver é facelo a un lugar querido e esperado. A partires de agora o será un pouquiño máis, porque parte dese amor que lle rendiu a Ribadeo devólveselle agora, ca dedicatoria dun monolito e dándolle nome a un parque, dúas cosas cas que quedan unidos para sempre e por sempre o nome de Baixeras e Ribadeo.

03/06/2012